

The background of the poster features several large, colorful sculptures made of plastic, designed to look like various types of vegetables. There is a large black one at the top left, a red one on the right, a green one at the top right, a large green one on the left, a light green one at the bottom right, and a yellow one at the bottom center. They are all resting on a surface covered with crumpled white plastic bags.

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

PLASTIC BIONTES

#GAIÁS_EN_VERDE

Intervención
nas Torres
Hejduk do
colectivo
Basurama

05.06.25—
23.11.25

DOSSIER DE PRENSA

Colabora: **Televes**



XUNTA
DE GALICIA





PLASTIC BIONTES

"UNHA SIMBIOSE ENTRE O NATURAL E O ARTIFICIAL"

Exposición

Intervención nas Torres Hejduk do colectivo Basurama

05 de xuño – 23 de novembro de 2025

ÍNDICE

Plastic biontes [4]

Basurama [6]

Torres Hedjuk [7]

Gaiás en verde [9]

Gaiás, Cidade da Cultura [10]

PLASTIC BIONTES



Exposición

Intervención nas
Torres Hejduk do
colectivo Basurama

05 de xuño – 23 de
novembro do 2025

Cidade da Cultura
de Galicia

ARTE, ECOLOXÍA E ARQUITECTURA VIVA: UNHA NOVA PEL PARA AS TORRES HEJDUK NO DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

O colectivo Basurama propón en *Plastic biontes* canalizar o diálogo entre dúas “urbes”, a Cidade da Cultura e Santiago de Compostela, unha futurista e outra patrimonio cultural. Esta conversa establécese a través do lixo, quizais, o único nexo entre calquera tipo de sociedade e tempo. Abórdase a noción de patrimonio desde o residuo ou, dito doutro xeito, pénsase a herdanza non só como memoria do pasado, senón tamén como proxección dun futuro que herdará os refugallos das nosas dinámicas de consumo.

Plastic biontes explora a potencialidade do plástico para xerar texturas e producir estrañamento, transformando a pel das

torres, a súa ollada e o seu discurso. Nesta dobre intervención, as Torres Hejduk mimetízanse en corpos vivos, esvaeando os límites entre o natural e o artificial.

A torre de cristal recóbrese con filme transparente, adquirindo unha nova epiderme na que o plástico, engurrado e brillante, xera un xogo de texturas, fulgores e reflexos que remiten ao sobreenvasado de obxectos e alimentos, á obsesión pola asepsia, polo intacto. Pero, paradoxalmente, ese material que a mantén limpa e protexida é, ao mesmo tempo, un dos principais responsables da contaminación microplástica dos nosos ecosistemas. A torre, envolta na súa segunda pel, opera como unha alegoría das nosas contradicións.

**Arte para reflexionar sobre o lixo
como herdanza de futuro**



**Basurama transforma as Hejduk
en organismos plásticos "vivos",
nunha metáfora visual das
contradicións contemporáneas**

Ao seu carón, a torre de granito, na que se enxertan formas plásticas de cores que emulan os líques que colonizan as paredes da cidade. Estes "líques de plástico" non só aluden visualmente á simbiose, senón que tamén interveñen na materia pétrea, alterándoa, suturándoa.

Coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente, *Plastic biontes* convídanos a pensar na simbiose entre o natural e o plástico, a imaxinar escenarios futuros nos que o plástico non sexa só un residuo, interpelándonos a pensar en claves de adaptación, colaboración e resiliencia.

A intervención artística conta coa colaboración de Televés, un apoio encadrado na liña de Responsabilidade Social Corporativa da compañía, firme no seu compromiso co coidado do medio ambiente. A instalación emprega como base materiais plásticos da compañía compostelá, que son temporalmente apartados do seu proceso de tratamento e reciclado, curso que continuarán tras a finalización da intervención artística. Ao longo da súa traxectoria, Televés destaca por facer compatible o desenvolvemento dun modelo de negocio eficiente e competitivo co respecto ao medio ambiente e a contribución ao desenvolvemento económico e social, apostando pola fabricación dos seus produtos nas súas propias instalacións, moi preto do monte Gaiás, con vontade de contribuír á creación de riqueza e emprego na súa contorna.

BASURAMA



↑
Imaxe de equipo de
Basurama

ARTE, ARQUITECTURA E ACTIVISMO DESDE O REFUGALLO

Basurama é un colectivo dedicado á investigación, creación e produción cultural e medioambiental que centrou a súa área de estudo e actuación nos procesos produtivos, os refugallos que xeran e as posibilidades creativas que suscitan estas conxunturas contemporáneas. Fundado no 2001 na Escola de Arquitectura de Madrid, foi evolucionando e adoptando novas formas desde as súas orixes. Pretende estudar fenómenos inherentes á produción masiva de lixo real e virtual na sociedade de consumo, achegando novas visións que actúen como xeradoras de pensamento e actitude. Detecta fendas dentro destes

procesos de xeración e consumo que non só interrogan sobre a nosa forma de explotar os recursos, senón tamén sobre a nosa maneira de pensar, traballar e percibir a realidade.



↑
Instalación,
*Consumption Linee _ a
tribute to Piero Manzoni*
Herning, Dinamarca
2024

↑
Instalación, *MADE IN.*
Exposición colectiva:
*Fabular un Mundo
Diferente*
Lima, San José, El
Salvador, Quito y
Montevideo,
2022

↑
Instalación, *Laboratorio
de Transferencia de
Memoria*
L'Espluga del Francolí,
España
2019

↑
Instalación, *PLAYINN*
*Mobiliario urbano
reutilizado*
Fuenlabrada, España
2024

RESIDUOS CON MEMORIA: A POÉTICA DO DESCARTE

Ao longo de máis de dúas décadas, Basurama consolidouse como un espazo pluridisciplinar onde conviven actividades diversas cun enfoque común. Artes visuais na súa acepción máis ampla, obradoiros, instalacións, concertos, publicacións, relatorios ou accións efémeras cítanse no seu ecosistema de traballo, sempre co obxectivo de activar novas formas de relación co lugar que habitamos. O colectivo actúa tamén como plataforma de encontro entre axentes sociais que, a pesar de ocupar lugares diferentes, están máis próximos do que cabería esperar, xerando nodos creativos cunha visión profundamente colaborativa e horizontal.

"O colectivo basurama torna o residuo en ferramenta creativa e crítica"

DÚAS DÉCADAS TRANSFORMANDO LIXO EN CULTURA

Con sede en Madrid, Basurama desenvolveu uns 150 proxectos en máis de 40 países de catro continentes, traballando con institucións de primeiro nivel como o Museo Reina Sofía, o Victoria & Albert Museum, a Casa Encendida, Matadero Madrid, o Museo Thyssen-Bornemisza, o Museo Nacional do Prado, a World Design Capital, o SESC de São Paulo ou a Trienal de Suzu-Noto, entre moitas outras. O seu traballo foi recoñecido con numerosos galardóns internacionais, como o premio Artista Comprometido da Fundación Daniel e Nina Carasso, o Curry Stone Social Design Circle, o Premio Gràffica e a selección nos Innovation in Politics Awards ou nos Le Monde Urban Innovation Awards. *Plastic biontes* é a primeira intervención de Basurama en Santiago de Compostela e supón a súa terceira actuación en Galicia, tras os proxectos *Amar o mar* (2017) e *Huellas* (2015), ambos desenvolvidos na Coruña.


TORRES HEJDUK



UN EMBLEMA DO GAIÁS: O LEGADO DE JOHN HEJDUK, RECUPERADO POR PETER EISENMAN

Deseñadas en 1992 polo arquitecto estadounidense John Hejduk (Nova York, 1929–2000), as Torres Hejduk foron concibidas para funcionar como un xardín escultórico-botánico e acoller actividades pedagóxicas no parque compostelán de Belvís. O proxecto non chegou a materializarse e, tras a morte de Hejduk, Peter Eisenman decidiu recuperar a idea do seu amigo e compañeiro en The New York Five —grupo emblema do neorracionalismo arquitectónico— e propuxo a súa construción integrándoas no proxecto da Cidade da Cultura.

Foron un dos primeiros elementos en se construíren no monte Gaiás e axiña se converteron en símbolos icónicos da Cidade da Cultura. Situadas no bordo suroeste do monte, son visibles desde moitos puntos de Compostela e operan como faros vixías do devir da cidade. Eisenman concibiunas como “a igrexa sen corpo” e, desde a distancia, as súas siluetas recórtanse na liña do horizonte como un eco esquemático das torres da Catedral de Santiago, vinculando o pasado sacro coa utopía contemporánea.



UN ESPAZO EXPOSITIVO NON CONVENCIONAL PARA ARTISTAS CONTEMPORÁNEOS

As Torres Hejduk adoitan ser obxecto de intervención artística, o que consolidou a súa vocación como espazo expositivo non convencional. Desde a súa apertura ao público, funcionaron como plataforma de propostas de artistas contemporáneos como Pamen Pereira, Ana Soler, Alejandra Sampedro, Félix Fernández, Sonia Navarro ou Irma Álvarez-Laviada, entre outros, reafirmando o seu potencial como estrutura aberta a múltiples lecturas. Tamén albergaron discursos artísticos vinculados ao medio ambiente, á natureza e ao paisaxismo. Desde o 2018, diversos proxectos exploraron esta dimensión, con propostas de Mónica Rodríguez

Parceró, Macarena Montesinos, Ana Luengo e Citerea, Miguel Moreno Mateos, Cristina García Fontán, María José Arceo e Martín Toimil. Esta intervención de Basurama súmase ás anteriores, facendo das torres unha especie de palimpsesto arquitectónico onde se entrelazan narrativas sobre a relación entre cultura, ecoloxía e territorio.

GAIÁS EN VERDE



ARTE E CREATIVIDADE PARA A SUSTENTABILIDADE E O RESPECTO MEDIOAMBIENTAL

Plastic biontes enmárcase dentro de *Gaiás en verde*, unha liña de acción da Cidade da Cultura que programa actividades que mesturan arte e creatividade co obxectivo de promover o desenvolvemento dunha conciencia medioambiental sólida. Os espazos naturais que rodean o complexo —máis de 40 hectáreas verdes que inclúen o Bosque de Galicia, o Parque do Lago e os xardíns Literario e do Teatro— convértense en escenarios e axentes de mostras artísticas non convencionais atravesadas pola ecoloxía.

Para este verán, *Gaiás en Verde* anunciou xa o seu campamento urbano de conciliación *A tribo do Re—*. Proximamente daranse a coñecer novas propostas especialmente deseñadas para as familias que convidan a descubrir e a conectar cos espazos naturais da Cidade da Cultura e que fomentan valores de sustentabilidade e respecto ambiental.

GAIÁS, CIDADE DA CULTURA

A Cidade da Cultura preséntase como un motor para impulsar proxectos innovadores no campo da cultura, o emprendemento e a tecnoloxía e un punto de conexión de Galicia co resto do mundo. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, esta cidade que parece xurdir da terra eríxese como unha icona arquitectónica da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.



Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle:

Museo Centro Gaiás. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

Biblioteca e Arquivo de Galicia. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

Centro de Emprendemento Creativo. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC.

Centro de Innovación Cultural (CINC). É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

O Edificio Fontán. Converte a Cidade da Cultura de Galicia nunha referencia en investigación

e colaboración internuniversitaria e en estudos do patrimonio, acollendo o Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais, o Instituto de Ciencias do Patrimonio (dependente do CSIC) e servizos que dan apoio ás tres universidades galegas.

Espazos naturais. O Bosque de Galicia, o Xardín Literario, o Xardín do Teatro e o Parque do Lago son os espazos verdes cos que conta o Gaiás. Lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudable a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.

PLASTIC BIONTES

Exposición

Intervención nas Torres Hejduk do
colectivo Basurama

05 de xuño – 23 de novembro do 2025

Cidade da Cultura de Galicia



XUNTA
DE GALICIA

Colabora:

Televes